

O VIII Encontro de Escritoras/es Novas/os analiza a dramaturxia, a narrativa e a poesía en tempos mestizos

Montse Dopico 30/10/2014



Imaxe do cartaz da actividade

'Propostas de diálogo en tempos mestizos' é o título do **VIII Encontro de Escritoras/es Novas/os**, organizado pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, que se celebrará en Normal, o espazo de intervención cultural da Universidade da Coruña, o día 8 de novembro.

De 11:00 a 12:00 horas, Rosalía Fernández e Roi Vidal, coa coordinación de Vanesa Sotelo, falarán sobre dramaturxia e emerxencia. De 12:30 a 13:30 horas, o diálogo 'As outras. Os outros', convocará a Berta Dávila e Samuel Solleiro, coa coordinación de Mario Regueira. De 16:00 a 17:00 horas, Lucía Aldao e Samuel L. París parolarán sobre o futuro da poesía en tempos mestizos, coordinados por Gonzalo Hermo.

Ás 18:00 horas comezará un recital, presentado por Alicia Fernández, con Berta Dávila, Mario Regueira, Gonzalo Hermo, Lucía Aldao, Rosalía Fernández e Samuel L. París. Ás 19:00 horas haberá videoproxeccións e ás 20:00 horas un concerto de Ataque Escampe.